

METODOLOXÍA

O traballo organízase en doce unidades quincenais e cada unha contén os seguintes apartados:

Axenda, que debes ler con atención, pois se indica paso a paso cada unha das tarefas.

Obxectivos, que terás que acadar ao longo deses quince días.

Documentos descargables: equivale aos tradicionais "apuntamentos" das materias.

FAQ. As dúbidas máis frecuentes atópanse neste apartado. É útil que as consultes para resolver problemas, para ampliar a información e para coñecer as dificultades que lles xurdiron a outras persoas cando estudaron esa materia.

Vídeos educativos: serán aqueles vídeos que che poden facilitar a comprensión de coñecementos puntuais.

Exercicios autoavaliabes (con solucións), onde poderás aplicar o que aprendiches a través do documento de contidos. É recomendable que mires as respostas propostas para corrixir erros e afianzar os coñecementos adquiridos. Atoparás, polo menos, dúas entregas: unha despois dos documentos descargables e outra, unha vez realizado o cuestionario.

Exercicios para enviar á titoría. Aparecen dous por avaliación e son propostas de exercicios que corraxirá o teu profesorado.

Cuestionario, onde poderás comprobar o grao de consecución dos obxectivos marcados para esa quincena.

Resumos. Atoparalos ao finalizar cada quincena e axudaranche no último repaso